

Monel, Vilachá – Becerreá, 1995-08

Informante: Magdalena e Celsa Rivera Fernández, Germán Fernández Trebolle

Compiladores: Juan Parga, Cristina Vila

Transcripción: Sergio de la Ossa



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. Arrímatela, arrímatela,
arrímatela e dálle un bico,
si non fora por vergonza
xa lle tiña dado cinco.
2. Vexo a Vigo, vexo a Vigo,
tamén vexo a Redondela;
viva a gaitiña gallega,
que é a mai da nosa terra.
3. I-eu pedinllo a unha nena
á sombra dunha carqueixa
i-eu pedinllo, ela deumo,
i eu dela non teño queixa.
4. I-eu pedinllo a unha nena
na canceliña do prado,
respondeume a picarona
“estaba o campo mollado”.